



O documental como recurso  
para o estudo da memoria

Xosé M. Malheiro - UDC

## Peter Burke

- Documentación escrita
- Outros vestixios: pintura, gravado, fotografía, filme, vídeo...

## Erik Barnouw

Cinema: “necesidade imperiosa de documentar algún fenómeno ou acción real”.

Documental e o seu interese académico

- Vocación ilustradora a través da imaxe
- Información fidedigna (archivo, testemuñas...)
- Reconstrucción e interpretación do pasado
- Forza emocional do recordo

## Ramón Breu

- Conexión co alumnado mediante a dimensión audiovisual
- Entrar no campo da reflexión a través da información/emoción

- *El Cabezota*. Francisco Lara Polop, 1982.  
<https://gloria.tv/post/Q97FSsRCZGfy1TKo7Psi28uxj>;
- *Tierra y libertad*. Ken Loach, 1995.  
<https://www.youtube.com/watch?v=O5veXcPazwQ>
- *Las Misiones Pedagógicas*. Gonzalo Tapia, 2006. (documental)  
<https://www.youtube.com/watch?v=tYmfcvXqUBM>
- *La República de los maestros*. Victoria Martínez e Arturo Villacorta, 2004. (documental)  
<https://www.youtube.com/watch?v=JVjommbxQSU>
- *Flores tristes*. Teo Manuel Abad, 2008. (documental)  
<https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/flores-tristes>
- *La Sección Femenina*. Javier Ortega, 2006. (documental).  
<https://www.rtve.es/play/videos/paisajes-de-la-historia/paisajes-historia-seccion-femenina/642193/>
- *No se os puede dejar solos; Atado y bien atado*. José Juan e Cecilia Bartolomé, 1979-1981.  
<https://www.tokyvideo.com/es/video/documental-atado-y-bien-atado-1981-cecilia-y-j-j-bartolome>  
<https://vimeo.com/272749540>

### ***El Cabezota*, 1982. Francisco Lara Polop**

Asturias, 1857, ano no que se promulga a lei Moyano, que establecía o ensino primario obligatorio. A película narra a historia dun campesiño que, crendo que a mellor escola é a que dá a vida, amósase reacio aos cambios que poida traer o progreso, identificado coa instrución académica que por imposición oficial debe recibir o seu fillo pequeno. Esta forma de pensar, que debeu ser bastante común entre as clases populares da época, ocasiona problemas ao protagonista, ao enfrentarse con outros personaxes como a mestra do pobo, coa que mantén unha constante tensión.

*El Cabezota*, protagonizada polo xa desaparecido Álvaro de Luna, obtivo a Mención especial do jurado do XIII Festival Internacional de Moscú (1983) e foi calificada como “Especialmente adecuada para la infancia” pola Dirección General de Cinematografía do Ministerio de Cultura español ese ano.

### ***Land and Freedom (Tierra y libertad)*, 1995. Ken Loach.**

Outono de 1936. David Carr (Ian Hart), un mozo comunista en paro, deixa Liverpool para intervir na guerra civil española, dentro do bando republicano, e ingresa na Brigada Internacional da fronte de Aragón. Alí coñecerá a moitos milicianos procedentes de toda Europa e Estados Unidos, en especial a española Blanca (Rosana Pastor), una atractiva anarquista. David e Blanca están convencidos de loitar pola defensa da liberdade. Os ideais que defenden son una mestura de debates políticos coa cultura comunal do mundo rural baseada no reparto solidario de tarefas e bens, sen existencia de clases sociais. Pero ás veces o enemigo no só está entre as filas do bando adversario.

- 1995: Festival de Cannes: Premio FIPRESCI (ex-aequo), Prem. del Jur. Ecuménico
- 1995: Premios BAFTA: Nominada a Mejor film británico
- 1995: Premios César: Mejor película extranjera
- 1995: Premios del Cine Europeo: Mejor película
- 1995: Premios Goya: Mejor actriz revelación (Rosana Pastor)
- 1995: Premios Félix: Mejor película europea

### ***Las Misiones Pedagógicas*, 2006. Gonzalo Tapia.**

Documental que analiza o proxecto das Misións Pedagógicas impulsadas por Bartolomé Cossío e a Institución Libre de Enseñanza desde o *Patronato de Misiones Pedagógicas*, durante o primeiro bienio republicano. As Misións Pedagógicas están consideradas como unha das realizacións más orixinais da II República e un precedente do que hoxe consideramos intervención sociocultural. Entre as súas accións atópase a distribución de máis de 5000 bibliotecas e o desenvolvemento dun programa de animación aos lugares más apartados da España rural como expresión democrática do acceso a diversas manifestacións culturais. Este documental recupera o labor altruista deste Padroado republicano a través da palabra e a memoria dalgúns misioneros a dos que por entón eran nenos e viviron aquela experiencia.

### ***La Sección Femenina*, 2006. Javier Ortega.**

Instaurada a ditadura de Franco, o Padroado das Misións Pedagógicas pasa a reconvertirse no *Patronato de Cultura Popular* e Pilar Primo de Rivera asume a xefatura da Sección Femenina

como unha "misión inconclusa" de José Antonio ao servizo de España. A Sección Femenina convertírase nun dinámico instrumento encamiñado á educación e concienciación da poboación feminina española para devolvela ao que o franquismo consideraba o seu lugar natural: o fogar, o servizo á familia na extensión doméstica dos valores patrióticos e relixiosos.

**Después de... José Juan e Cecilia Bartolomé, 1979/80. 1983**, consta de dúas partes independentes tituladas **No se os puede dejar solos** e **Atado y bien atado**. Obtivo o Premio á mellor obra documental na Semana Internacional de Cine de Barcelona. Aínda así, non gozou de subvencións oficiais e foi retirada das canles de distribución e exhibición con impedimentos administrativos por acordo da Dirección General de Cinematografía do Ministerio de Cultura, pola suposta inconveniencia dalgúns dos testemuños recollidos e a sensación de crispación que supostamente transmitía a película, impedindo o seu estreo ata novembro de 1983.

Herdeira do espíritu contrainformativo do cine militante de los años 60, o documental convierte en protagonistas a todo tipo de persoaxes (desde políticos e profesionais de distintos ámbitos ata cidadáns da rúa) que expresan as súas opinións acerca dos cambios acontecidos nos anos da chamada Transición española.

Este traballo inspirase en *La batalla de Chile*, do realizador chileno Patricio Guzmán. *La batalla de Chile* é o rexistro histórico más completo sobre os derradeiros meses do governo de Allende, onde se recolle a loita da sociedade civil ata a toma definitiva do pazo da Moneda por Augusto Pinochet. Está dividido en tres partes (*La insurrección de la burguesía*, 1972; *El golpe de' Estado*, 1973 e *Poder popular*, 1979), unha trilogía que, como no caso anterior, non pudo ser exhibida nas salas de cine do seu país ata 1997. Outros traballos seus moi recomendables: *Salvador Allende*, 2004; *Nostalgia de la luz*, 2010; *El Botón de Nácar*, 2015.